

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

- 9021** *Real decreto 703/2020, do 28 de xullo, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas á paralización temporal da actividade pesqueira para poder facer fronte ao impacto económico e social derivado da pandemia do COVID-19, se convocan esas axudas para o primeiro tramo do exercicio 2020 e se modifican distintos reais decretos relativos á regulación das organizacións profesionais no sector da pesca e da acuicultura e para o exercicio da pesca recreativa.*

O pasado 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde declarou pandemia internacional a situación de emerxencia de saúde pública provocada polo COVID-19. A rápida propagación, tanto nacional como internacional, motivou a necesidade de adoptar medidas urxentes e contundentes co obxectivo de amortecer o impacto desta crise sanitaria sen precedentes.

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, permitiu a continuidade das actividades pesqueiras como parte da cadea de subministración alimentaria, pero, pola súa vez, estableceu o peche provisional dunha gran parte dos principais compradores de produtos pesqueiros, como son a hostalaría e a restauración (canal Horeca), o que provocou unha drástica redución da actividade habitual dos buques españois, así como dos establecementos dedicados á actividade da acuicultura. Por outra banda, conséntase unha perda de liquidez nas empresas pesqueiras que pon en risco a súa continuidade e viabilidade.

Así mesmo, e como consecuencia da declaración desta pandemia, a Unión Europea aprobou un conxunto de medidas a través do Regulamento (UE) n.º 2020/460 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de marzo de 2020, polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 1301/2013, (UE) n.º 1303/2013 e (UE) n.º 508/2014 no relativo a medidas específicas para mobilizar investimentos nos sistemas de atención sanitaria dos Estados membros e noutros sectores das súas economías, en resposta ao gromo de COVID-19 (Iniciativa de investimento en resposta ao coronavirus), e polo Regulamento (UE) 2020/560 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2020, polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 508/2014 e (UE) n.º 1379/2013, en relación con medidas específicas para atenuar o impacto do gromo de COVID-19 no sector da pesca e da acuicultura.

O apoio urxente das administracións públicas ao sector pesqueiro derivado dos efectos do COVID-19 fai necesario adaptar sen demora a regulación nacional á antedita modificación do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), co fin de dar unha resposta adecuada e rápida a esta situación. Estas axudas veñen complementar as axudas que se publicaron durante abril de 2020, mediante os reais decretos lei 7/2020, do 12 de marzo; 8/2020, do 17 de marzo, e 11/2020, do 31 de marzo, e establecen un novo marco normativo en materia de xestión das axudas, adaptándoo ás circunstancias do sector pesqueiro e á distribución competencial existente en España.

Este real decreto establece unha liña de axudas destinada ao financiamento das paralizacións extraordinarias que levou a cabo a frota pesqueira, derivada da pandemia, que foi cofinanciada polo FEMP conforme o previsto na nova redacción dada ao seu artigo 33 «Paralización temporal de actividades pesqueiras», cuxos destinatarios son armadores e pescadores conforme o disposto neste real decreto.

En concreto, establécese a posibilidade de obter axudas no caso dos armadores e dos pescadores que non se encontren incluídos en ningún procedemento de suspensión dos contratos ou redución de xornada regulados no artigo 47 do texto refundido da Lei do

Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro. Estas axudas xestionarás a Secretaría Xeral de Pesca deste ministerio, a través da Subdirección Xeral de Acuicultura, Comercialización Pesqueira e Accións Estruturais. A axuda correspondente ao armador e aos pescadores outorgarase ao armador, que, pola súa vez, deberá repartila entre cada un dos pescadores enrolados.

Así mesmo, co obxecto de facer chegar de xeito urxente liquidez aos distintos operadores afectados, tamén se establecen as convocatorias desta liña de axudas de armadores e pescadores en unidade de acto con este real decreto, de modo que se acurten os prazos ao máximo para asegurar a plena eficacia e a efectividade da medida dada a urxencia na súa tramitación.

Considerando que os potenciais beneficiarios presentan unhas características derivadas da súa dedicación profesional que permiten o emprego desa habilitación, e tendo en conta, ademais, que pola normativa de control a maioría dos buques deben empregar medios electrónicos para cumprir coas súas obrigas de información e que contan con equipamento habitual que permite as relacións electrónicas, establécese a obrigatoriedade de que a tramitación destas axudas se leve a cabo por medios electrónicos de conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, na disposición derradeira segunda considérase necesario modificar o Real decreto 1173/2015, do 29 de decembro, no referente ao título competencial, e introdúcese a regra 13.^a do artigo 149.1 da Constitución española para os casos en que se deban arbitrar mecanismos de paradas temporais e definitivas. A norma proxectada, ben que resulta de aplicación autónoma e independente respecto da outra, non se pode negar que a antecede e é modelo de referencia xurídica para a súa aplicación. Por isto resulta necesario homoxeneizar e dar coherencia interna do tratamento competencial das axudas no sentido indicado.

A disposición adicional segunda e as disposicións derradeiras terceira e cuarta, pola súa parte, modifican o marco regulador das axudas ás organizacións de produtores, como mellora técnica derivada da modificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e dispoñen a reactivación da medida de almacenamento –que cesara en 2018– e establecen no seu lugar, co fin de asegurar a plena seguridade xurídica e sen prexuízo da eficacia directa dos regulamentos europeos (por todas, Sentenza do TXUE Van Gend and Loos), a actualización dos reais decretos que regulan os plans de produción e comercialización das organizacións de produtores da pesca e da acuicultura.

Así, procédese, por unha banda, á modificación do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, e actualízanse os novos elementos introducidos pola modificación do devandito fondo. Por outra banda, actualízase o Real decreto 956/2017, do 3 de novembro, polo que se establece o marco regulador de axudas ás organizacións profesionais do sector da pesca e da acuicultura, de maneira que se axuste ás novas porcentaxes e requirimentos da modificación do citado Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014.

Por último, a disposición derradeira primeira modifica o Real decreto 347/2011, do 11 de marzo, polo que se regula a pesca marítima de recreo en augas exteriores co fin de incluír novas provisións referentes aos tamaños mínimos de referencia para a conservación, para a pesca recreativa, que se negociaron no marco dos grupos rexionais con base no Regulamento (UE) 2019/1241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, sobre a conservación dos recursos pesqueiros e a protección dos ecosistemas mariños con medidas técnicas, e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1967/2006 e (CE) n.º 1224/2009, do Consello, e os regulamentos (UE) n.º 1380/2013, (UE) 2016/1139, (UE) 2018/973, (UE) 2019/472 e (UE) 2019/1022 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 894/97, (CE) n.º 850/98, (CE) n.º 2549/2000, (CE) n.º 254/2002, (CE) n.º 812/2004 e (CE) n.º 2187/2005 do Consello. O citado regulamento insta a avanzar por rexionalización na aplicación das

normas que regulan a actividade profesional e a actividade recreativa, como así se está facendo no marco da rexionalización europea.

Co obxecto de asegurar que a medida responde de forma eficaz ás especiais circunstancias que pretende paliar, e considerando que tal eficacia unicamente é posible se a medida se pon en marcha con carácter urxente, establécese a xestión centralizada das axudas e xúntanse as correspondentes convocatorias.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia estatal en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, prevista no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, da competencia exclusiva en materia de pesca marítima e ordenación do sector pesqueiro, de acordo co establecido no artigo 149.1.19.^a da Constitución.

A xestión centralizada perfílase como a única forma de xestión que garante idénticas posibilidades de obtención e desfrute por parte dos seus potenciais destinatarios en todo o territorio nacional, mediante o establecemento duns criterios uniformes para o acceso ás axudas, fundamentais neste suposto en que as axudas non se encontran compartimentadas, senón que se estenden ao conxunto de España, cunha frota que faena no mar territorial, o cal non está compartimentado en función dos territorios rexionais. Procede destacar neste sentido que o tipo de necesidades que xeran as situacións que se pretenden afrontar con esta medida responden a un patrón común en todas as zonas e no tipo de buques e actividades afectadas, independentemente da comunidade autónoma onde se sitúe o respectivo porto base que, polo demais, non impiden nin saír a faenar nin descargar en calquera outro, ou o cambio definitivo deste, o que reforza a necesidade desta xestión centralizada.

A frota española caracterízase pola súa amplitude e pola variedade de orientacións extractivas, desde buques de gran porte dedicados a amplas mareas ata pequenas embarcacións artesanais de baixura. Así mesmo, en varios casos, as embarcacións encóntranse en mans dun mesmo propietario ou armador, sen prexuízo de que as súas artes, caladoiro, porto habitual, porto base ou lugar preferente de primeira venda sexa diverso e cambiante ao longo do ano. A Administración debe responder a unhas necesidades tan específicas de xeito que os prazos e criterios sexan idénticos en todo o territorio nacional, o cal unicamente se garante cunha xestión centralizada. A xestión centralizada tamén contribúe a garantir que non se superen os importes máximos de axudas establecidos pola normativa europea, aos cales están suxeitas as subvencións establecidas no presente real decreto.

Así, con palabras da Sentenza do Tribunal Constitucional 45/2001, do 15 de febreiro, «O artigo 149.1.13.^a da CE pode amparar tanto normas estatais que fixen as liñas directrices e os criterios globais de ordenación de sectores económicos concretos, como previsións de accións ou medidas singulares indispensables para alcanzar os fins propostos en tal ordenación (STC 155/1996, do 9 de outubro, FX 4 e xurisprudencia nela citada)». En definitiva, o Estado ten reservada, polo mencionado artigo 149.1.13.^a, unha competencia de dirección na cal teñen acubillo normas básicas e, así mesmo, previsións de accións ou medidas singulares que sexan necesarias para alcanzar os fins propostos dentro da ordenación do sector (STC 117/1992, do 16 de setembro). Isto débese ao seu carácter transversal xa que, aínda existindo unha competencia sobre un subsector económico que unha comunidade autónoma asumiu como «exclusiva» no seu estatuto, esta atribución competencial non exclúe a competencia estatal para establecer as bases e a coordinación dese subsector, e o exercicio autonómico desta competencia exclusiva pode estar condicionado por medidas estatais que, en exercicio dunha competencia propia e diferenciada, se poden desprezar autonomamente sobre diversos campos ou materias, sempre que o fin perseguido responda efectivamente a un obxectivo de planificación económica» (Sentenza do Tribunal Constitucional 74/2014, do 8 de maio). Igualmente, a STC 11/2015, FX 4, por remisión á STC 79/1992, do 28 de maio, FX 2, lembrou que «O sector da agricultura e da gandaría é daqueles que pola súa importancia toleran a fixación de liñas directrices e criterios globais de ordenación, así como previsións de accións ou medidas singulares que sexan necesarias para alcanzar os fins propostos dentro da

ordenación de cada sector, e destaca que «... en materia de agricultura e gandaría, sendo a competencia específica das comunidades autónomas... o Estado pode intervir en virtude das súas competencias xerais sobre a ordenación xeral da economía».

O artigo 149.1.13.^ª da CE pode, en determinados casos, xustificar a reserva de funcións executivas ao Estado e tamén permitir o uso da supraterritorialidade como título atributivo de competencias ao Estado, pero para que ese suposto poida ser considerado conforme a orde competencial deben cumprirse dúas condicións: que resulte preciso que a actuación de que se trate quede reservada ao Estado para garantir así o cumprimento da finalidade de ordenación económica que se persegue, a cal non se podería conseguir sen esa reserva e, por outra banda, que o uso do criterio supraterritorial resulte xustificado nos termos da nosa doutrina, é dicir, atendendo tanto ás razóns achegadas como á congruencia da reserva da función co réxime da norma.

Outro tanto se pode dicir en relación coa competencia do Estado na materia de ordenación pesqueira da regra 19.^a; o Tribunal Constitucional ditou, entre outras, as sentenzas 56/1989 e 147/1991, e sinalou que o concepto de ordenación do sector pesqueiro inclúe «(...) a quen pode exercer a actividade pesqueira, xa sexa a directamente extractiva ou algunha outra relacionada con ela, as condicións que deben reunir tales suxeitos integrantes do sector e a súa forma de organización», e que, neste ámbito, o Estado ten a competencia para ditar a lexislación básica e correspóndelles ás comunidades autónomas o desenvolvemento lexislativo e a execución das normas.

O Estado dita estas bases desde unha perspectiva nacional e articulada que, doutro xeito, non aseguraría a igualdade na percepción por parte dos posibles destinatarios destas axudas. Así, non só se atende ao número de comunidades autónomas en que se desenvolven as actividades de atención aos posibles portos base que se empregasen no tempo que se toma como elemento de cómputo para o seu cálculo, senón que con esta norma se cumpre co mandato constitucional de eficacia. Trátase, así mesmo, dun mecanismo de igualación fronte ás diferentes perspectivas de afección pola epidemia, en cumprimento dos principios constitucionais de igualdade formal e material e das competencias exclusivas do Estado que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación exerce nesta materia. Por outro lado, estas subvencións non impiden ás comunidades autónomas aprobar as súas correspondentes bases reguladoras.

De acordo coa doutrina do Alto Tribunal, a necesidade da xestión destas axudas a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación fundaméntase na estrutura e natureza das axudas, e asegura ademais unha visión de conxunto que soamente o ente supraordenado pode ofrecer, ao requirir un grao de homoxeneidade no seu tratamento que exclusivamente se pode garantir mediante a súa xestión por un único titular, que forzosamente ten que ser o Estado, a través da Administración xeral do Estado. Desta forma ofrécense idénticas posibilidades de obtención e desfrute por parte dos potenciais destinatarios que radican en distintas comunidades autónomas desde a superposta aplicación potencial de criterios como o porto base, a sede social do armador ou propietario ou o domicilio dos pescadores, pero que se integran nun único sistema de protección excepcional de ámbito supraterritorial, aspecto que non se conseguiría desde unha xestión autonómica.

Pero, ademais destas consideracións, debe terse en conta a concorrencia indiferenciada no ámbito deste real decreto de competencias exclusivas, que fundamenta a aprobación das bases e a súa xestión centralizada por parte do Estado de modo conxunto cos títulos anteriores. En efecto, a íntima conexión destas axudas coa pesca extractiva queda reflectida na propia definición que o Tribunal Constitucional realiza desta actividade. Así, a doutrina do Tribunal Constitucional (esencialmente, as SSTC 56/1989, 9/2001, 38/2002 e 166/2013) parte do principio, resumido no FX 6 da última delas, que establece que «por pesca marítima hai que entender a regulación da actividade extractiva. De maneira máis detallada, a pesca marítima inclúe a normativa referente aos recursos e ás zonas onde se pode pescar (fondos, caladoiros, distancias, cotas), aos períodos en que se pode pescar (vedas, horas) e á forma e medios de realización da actividade extractiva no mar (artes, medios de pesca). Do mesmo xeito, como presuposto da sinalada actividade

extractiva, a pesca marítima inclúe tamén o réxime de protección, conservación e mellora dos recursos pesqueiros. Agora ben, a materia «pesca marítima» é competencia exclusiva do Estado (art. 149.1.19.^a CE) cando a súa regulación se proxecta sobre o mar territorial, a zona económica e as augas internacionais. Pola contra, no caso de que a disciplina desas cuestións se cinga ás augas interiores dunha comunidade autónoma, esta resultará competente para establecela (así está na STC 9/2001, do 18 de xaneiro, FX 6)».

Por tanto, a concorrencia sobre un mesmo obxecto de títulos competenciais exclusivos do Estado en materia de pesca marítima, por unha banda, e de títulos básicos en materia de ordenación pesqueira e bases e coordinación xeral da actividade económica, fai concorrer neste caso os requisitos fixados polo Tribunal Constitucional para optar pola centralización, por outra banda, e xustifica a opción normativa de unificar as bases e a convocatoria ao abeiro do determinado polo artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e tamén de concentrar a súa norma e xestión en sede estatal.

Por outro lado, a doutrina do Tribunal Constitucional exige o establecemento das bases reguladoras de subvencións mediante real decreto nos casos en que se invoque, como aquí ocorre –aínda que de modo conxunto con competencias exclusivas–, unha competencia básica (STC 175/2003, do 30 de setembro, ou STC 156/2011, do 18 de outubro). Así, a STC 156/2011, do 20 de outubro, afirma que «este tribunal insistiu en que a regulación de subvencións mediante orde ministerial, polo seu rango normativo, non se avén coas exixencias formais da normativa básica» (SSTC 242/1999, do 21 de decembro, FX 9; 98/2001, do 5 de abril, FX 7; 188/2001) e prosegue: «Este criterio respecto á cobertura formal da normativa básica debe ser exixido, mesmo con maior rigor, nos supostos de subvencións estatais centralizadas nos ámbitos materiais en que a Constitución reserva ao Estado a normativa básica, xa que esa xestión centralizada se erixe en excepción que limita o exercicio ordinario por parte das comunidades autónomas das súas competencias».

Na elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e o sector pesqueiro afectado e emitiron informe sobre el a Avogacía do Estado e a Intervención Delegada no departamento, de acordo co disposto polo artigo 17.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Así mesmo, en cumprimento do previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, este proxecto someteuse ao procedemento de audiencia e información públicas.

Esta norma adecúase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste sentido, garántense os principios de necesidade e eficacia, posto que a norma resulta o instrumento máis indicado para os intereses que se perseguen, sendo o principal dar resposta ás necesidades sociais e económicas extraordinarias do sector pesqueiro afectado polo impacto sobrevido do COVID-19; o principio de proporcionalidade, xa que contén a regulación imprescindible para atender as necesidades que se pretenden cubrir; e o principio de seguridade xurídica, xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea e asegura a súa incardinación correcta e a coherencia co resto da regulación existente na materia. Polo demais, a norma é coherente cos principios de eficiencia, canto a que a norma asegura a máxima eficacia dos seus postulados para garantir que as axudas cheguen dunha maneira áxil a todos os beneficiarios e incorporando no seu seo a propia convocatoria, e de transparencia, ao garantirse unha ampla participación na súa elaboración.

Así, o apoio ao sector derivado da modificación e aplicación do disposto no Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, supón garantir a continuidade das actividades pesqueiras, racionalizando o procedemento para o acceso ás axudas para armadores e pescadores.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de xullo de 2020,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten como obxecto determinar o marco regulador para a xestión das axudas extraordinarias ao sector pesqueiro por paralización temporal segundo o artigo 33.1.d) do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, na redacción dada polo Regulamento (UE) 2020/560 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2020, polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 508/2014 e (UE) n.º 1379/2013, para o efecto de minimizar o impacto sobrevido nese sector pola declaración de pandemia causada polo COVID-19 e as súas consecuencias sanitarias, de seguridade, económicas e sociais, o que permite o mantemento das actividades pesqueiras.

2. En consecuencia, establécese unha liña de axudas á paralización temporal da actividade pesqueira de acordo co disposto no artigo 33.1.d) do Regulamento (UE) n.º 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, en relación con medidas específicas adoptadas para atenuar o impacto social e económico derivado no sector da pesca e da acuicultura polo gromo de COVID-19, cando tal paralización temporal teña lugar entre o 16 de marzo e o 31 de decembro de 2020.

Estas axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación e eficacia e eficiencia establecidos no artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Non será de aplicación a duración máxima de seis meses de axuda ao suposto do número anterior, segundo o disposto no artigo 33.2 do Regulamento (UE) n.º 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014.

4. Así mesmo, ao abeiro da facultade que outorga o artigo 23.2 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, apróbase conxuntamente a convocatoria dirixida a todos os armadores e para os pescadores, cando non se tramitase un procedemento de suspensión dos contratos ou de redución de xornada, regulados no artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, para a concesión desas axudas para o primeiro tramo do período de referencia, relativo ás paralizacións temporais que tivesen lugar entre o 16 de marzo e o 15 de xullo de 2020.

Artigo 2. *Beneficiarios das axudas.*

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas:

a) Os armadores de buques pesqueiros da lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras que estean dados de alta no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira e en posesión da licenza de pesca en vigor ao inicio do período de referencia (16 de marzo) e que levasen a cabo unha actividade pesqueira de polo menos cento vinte días no mar, durante os dous anos civís anteriores á data de presentación da solicitude de axuda.

Cando un buque pesqueiro leve inscrito no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira menos de dous anos na data de presentación da solicitude, calcularanse os días mínimos de actividade pesqueira requiridos para ese buque como a proporción de cento vinte días nos dous últimos anos computados desde a data de presentación da solicitude, de xeito que a actividade exixida de días no mar para o cumprimento deste requisito se calculará dividindo entre 6 os días de alta no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira ata o día anterior ao inicio do período de solicitude previsto na correspondente convocatoria.

b) Os pescadores que traballasen a bordo dun buque pesqueiro español afectado pola paralización temporal polo menos cento vinte días, durante os dous anos civís anteriores á data de presentación da solicitude.

Cando un pescador leve traballando a bordo dun buque pesqueiro español afectado pola paralización, durante menos de dous anos na data de presentación da solicitude, calcularanse os días mínimos de traballo requiridos para ese pescador como a proporción de cento vinte días nos dous últimos anos naturais, de xeito que os días de traballo exixidos

para o cumprimento deste requisito serán os días resultantes de dividir entre 6 os días en que estivese en alta na Seguridade Social no devandito buque ata o día anterior ao inicio do período de solicitude previsto na correspondente convocatoria.

2. Os pescadores que teñan a condición de beneficiarios presentarán as súas solicitudes e percibirán o seu importe a través dos armadores dos buques en que estean enrolados, mediante a autorización recollida no apéndice II da solicitude.

Artigo 3. *Requisitos para a obtención das axudas.*

Para a obtención desta axuda deberán cumprirse os seguintes requisitos:

1. Requisitos relativos á paralización da actividade pesqueira: para a obtención da axuda por parte dos beneficiarios establécense os seguintes requisitos, en función do período de referencia en que se realicen estas paradas:

a) Durante o período comprendido entre o 16 de marzo e o 31 de maio de 2020.

1.º A frota que non pertenza aos censos establecidos no ordinal 2.º desta alínea deberá contar con polo menos catro días de paralización extraordinaria, e non será necesario que eses catro días sexan consecutivos.

Entenderanse como días de paralización extraordinaria, para efectos do cálculo da axuda, os días de parada realizados no período comprendido entre o 16 de marzo e o 31 de maio, que excedan o número de días de parada para o mesmo período no ano de referencia correspondente. Tomarase como ano de referencia o ano con maior actividade de entre os tres anos anteriores (2017, 2018 e 2019) no período do 16 de marzo ao 31 de maio. Os días subvencionables serán os días extraordinarios de parada.

No caso de buques dados de alta a partir do 1 de xuño de 2019 e que, por tanto, non conten con actividade durante o período de referencia completo en ningún dos 3 anos mencionados, asignaráselle como actividade a actividade media correspondente ao censo por modalidade e categoría por clase de tonelaxe a que pertence ese buque de acordo coa clasificación establecida no anexo III.

2.º A frota que pertenza a algún dos seguintes censos: arrastreiros conxeladores en augas internacionais e terceiros países, arrastreiros conxeladores de NAFO, atuneiros cerqueiros conxeladores nos océanos Atlántico, Índico e Pacífico, atuneiros cerqueiros conxeladores nos océanos Índico e Pacífico, bacallaeiros, palangre de fondo en augas internacionais e terceiros países, palangre de superficie en augas internacionais, palangre de superficie nos océanos Pacífico e Índico, deberá cumprir os seguintes requisitos:

i. No período entre o 1 de xaneiro e o 15 de marzo de 2020, ter realizado unha actividade mínima de vinte días.

ii. No período entre o 16 de marzo e o 31 de maio de 2020, ter realizado unha parada de polo menos dez días consecutivos.

Os días subvencionables serán como máximo os días de parada extraordinaria calculados para cada buque do mesmo xeito ca no ordinal 1.º

b) Durante o período comprendido entre o 1 de xuño e o 31 decembro de 2020.

1.º A frota que non pertenza aos censos establecidos no ordinal 2.º desta alínea deberá realizar a paralización en tramos de polo menos cinco días consecutivos e laborables para efectos pesqueiros, quedan así excluídos os días de descanso obrigatorio. Os días subvencionables serán os tramos de cinco días consecutivos aquí establecidos.

2.º A frota que pertenza aos censos establecidos no ordinal 2.º da letra a) deberá cumprir os seguintes requisitos:

i. Ter realizado unha actividade mínima de vinte días no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de marzo de 2020.

ii. Realizar unha parada mínima de trinta días consecutivos, cun máximo de 15 días subvencionables no período comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de decembro de 2020.

Durante os días de paralización, a inactividade pesqueira debe ser total e o buque deberá permanecer en porto, sen que sexa necesario que ese porto coincida co seu porto base. Poderanse exceptuar aqueles movementos do barco motivados por razóns de seguridade, que deberán ser debidamente xustificadas.

c) En todo caso, deberán ter realizado unha parada temporal por COVID, e excluírán por tanto aquelas paradas ordinarias que habitualmente realizan, ou aquelas outras cuxa razón fose para reparacións en estaleiros ou semellantes.

2. Requisitos complementarios exigibles aos armadores:

a) Estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, non ser debedores por resolución de procedencia de reintegro e non ter sido inhabilitados por sentenza firme para obter subvencións.

b) Os armadores non poderán estar incursos en ningún dos supostos establecidos no artigo 10 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, e deberán manifestar, mediante declaración responsable nos termos establecidos no artigo 10.5, o seu coñecemento da obriga de manter o cumprimento destes requisitos durante un prazo dos cinco anos seguintes ao último pagamento desta axuda.

O incumprimento do disposto no parágrafo anterior dará lugar ao reintegro da axuda en proporción ao tempo en que tivese lugar ese incumprimento nos termos previstos no artigo 19.3.

3. Requisitos complementarios exigibles aos pescadores:

a) Estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, non ser debedores por resolución de procedencia de reintegro e non ter sido inhabilitados por sentenza firme para obter subvencións.

b) Figurar enrolados, no momento de sobrevivir o cesamento temporal das actividades pesqueiras como consecuencia do gromo de COVID-19, a bordo dalgún dos buques pesqueiros españois afectados. Para tal efecto, deberán estar incluídos na relación certificada para o efecto polo armador de estar incluídos no rol da embarcación, co visto e prace de Capitanía Marítima. No entanto, se como consecuencia da situación excepcional, os servizos de Capitanía Marítima non puidesen comprobar a vinculación dos traballadores co buque, comprobarase a través da información existente noutros rexistros ou bases de datos oficiais aos cales a Administración xestora teña acceso en función das súas competencias.

Non obstante, tamén poderán percibir as axudas os pescadores que, mantendo ininterrompida a súa relación laboral coa empresa, non figuren enrolados no momento da paralización a consecuencia de incapacidade temporal, permisos retribuídos, vacacións, excedencia e/ou expectativa de embarque, nacemento e coidado de menor, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, sempre e cando cumpran os demais requisitos establecidos no punto anterior e quede acreditado o cesamento nesa situación ao longo do período de tempo de duración da parada.

c) Contar cun período de cotización no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar de, polo menos, doce meses ao longo da súa vida laboral.

d) Trátase de pescadores a bordo de buques cuxos armadores non tramitasen un procedemento de suspensión dos contratos ou de redución de xornada regulado no artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Artigo 4. *Compromisos e obrigas das persoas beneficiarias.*

Os beneficiarios teñen os seguintes compromisos e obrigas:

1. Proporcionar ao órgano instrutor do procedemento toda a información que sexa necesaria para poder realizar o seguimento e a avaliación do programa operativo do

Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, en especial, os datos sobre indicadores de resultado, así como outros exixidos ao Estado membro pola normativa comunitaria.

2. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas coa operación financiada con cargo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, co fin de garantir a pista de auditoría tal e como establece o artigo 125.4.b) do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

3. Achegar ao órgano instrutor do procedemento, unha vez concedida e pagada a axuda, a xustificación do pagamento e da súa contabilización.

4. Manter os requisitos de admisibilidade despois de presentar a solicitude da axuda durante o período completo de execución da operación e durante un período de cinco anos despois da realización do último pagamento, de acordo co artigo 10 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014.

5. O propietario dun buque pesqueiro que se teña beneficiado dunha axuda ao abeiro do presente real decreto non poderá transferir ese buque fóra da Unión durante polo menos os cinco anos seguintes á data en que se fíxese efectivo o pagamento desa axuda ao beneficiario. En caso de que un buque for transferido nese lapso de tempo, recuperaranse os importes indebidamente aboados polo que respecta á operación, de maneira proporcional ao período durante o cal non se cumprise o requisito establecido neste número.

6. Facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral do Estado, o Tribunal de Contas ou outros órganos competentes no marco do control das operacións establecidos no Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014.

7. No caso de o beneficiario destas axudas solicitar ou percibir outras axudas, ingresos ou recursos pola mesma finalidade, con posterioridade á data de solicitude, deberá comunicar esta circunstancia ao órgano instrutor en caso de incorrer en causa de incompatibilidade conforme o artigo 5. En consecuencia, deberá manifestar a renuncia da súa solicitude á obtención das axudas reguladas no marco deste real decreto, mediante escrito dirixido ao órgano xestor.

Artigo 5. *Incompatibilidade con outras axudas.*

1. As axudas percibidas para os armadores conforme este real decreto serán compatibles coas axudas concedidas por outras administracións públicas, sempre que as datas de paralización financiadas no ámbito deste real decreto non se encontren incluídas nos períodos de referencia desas axudas.

Porén, como excepción ao parágrafo precedente e en atención á paralización extraordinaria da actividade pesqueira, as axudas percibidas polos armadores serán compatibles coa prestación extraordinaria de cesamento de actividade establecida en virtude do artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, e coas medidas extraordinarias en materia de cotización en relación cos procedementos de suspensión de contratos e redución de xornada por forza maior, establecidos no artigo 24 do devandito real decreto lei.

2. A percepción destas axudas pola condición de pescador dun buque será compatible coa percepción de axudas como armador dun buque.

3. En todo caso, estas axudas non se poderán percibir durante os períodos subvencionables das paralizacións temporais da actividade pesqueira regulados nas alíneas a), b) ou c) do artigo 33.1 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2328/2003, (CE) n.º 861/2006, (CE) n.º 1198/2006 e (CE) n.º 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) n.º 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.

4. Non obstante, o disposto no número 3 non será de aplicación para aquelas paradas temporais reguladas nas alíneas a), b) ou c) do artigo 33.1, cuxa aplicación se circunscribe a días soltos de paradas.

5. Serán incompatibles entre si as axudas establecidas para os armadores neste real decreto con aquelas axudas establecidas por calquera Administración pública como axudas de estado derivado da perda de ingresos durante os períodos coincidentes do artigo 4.1.a) cando superen os catro días non consecutivos de paradas, no caso das froas incluídas no artigo 3.1.a), ou dez días consecutivos de parada para as froas incluídas no artigo 3.1.b).

Artigo 6. *Financiamento.*

1. As axudas pola paralización da frota de armadores e pescadores serán cofinanciadas conforme o disposto nos artigos 33 e 94 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014. Do total da axuda concedida, a contribución a cargo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) será dun 75 % e o outro 25 % corresponde á contribución do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da partida orzamentaria indicada no número 2.

2. As convocatorias destas axudas financiaranse con cargo á partida orzamentaria 21.11.415B.777 «Axudas para compensar os efectos do COVID-19» da Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura.

Artigo 7. *Cálculo do importe da axuda.*

1. O importe máximo da axuda á paralización temporal da actividade pesqueira para os armadores calcularase multiplicando o baremo aplicable establecido no anexo II polos días de parada subvencionables realizados no período de referencia fixado na convocatoria.

Os baremos de parada inclúen o arqueo bruto (GT), e tomarase o que figure na folla de asento do buque.

De acordo co indicado anteriormente, o cálculo da axuda á paralización será:

$$\text{Axuda á paralización (1)} = \text{Dpsub} * (\text{baremos por GT} * \text{Gt do buque} + \text{baremo fixo})$$

Dpsub: días de parada subvencionables.

Baremo GT = o multiplicando correspondente dos GT indicado na táboa do anexo II

Baremo fixo = o sumando correspondente indicado na táboa do anexo II

2. O importe máximo da axuda á paralización temporal da actividade pesqueira para os pescadores calcularase multiplicando un máximo de 50 euros polo número de días de parada a que teñan dereito:

$$\text{Axuda a pescadores} = \text{Ddd (días de dereito)} \times 50 \text{ euros}$$

Poderase subvencionar ata o número máximo de días laborables para efectos pesqueiros por afectado no período comprendido entre o 16 de marzo de 2020 e o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo do disposto no artigo 3.

3. As axudas resultantes de aplicar os cálculos do número 2 para os pescadores sumaranse á contía que perciba o armador, de ser o caso, para efectos do seu pagamento en unidade de acto para a posterior entrega ao pescador por parte do armador.

Artigo 8. *Xestión das axudas por paralización temporal.*

A Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Subdirección Xeral de Acuicultura, Comercialización Pesqueira e Accións Estruturais, será o órgano encargado da tramitación destas axudas á paralización temporal.

Artigo 9. *Iniciación do procedemento.*

1. O procedemento iniciarase de oficio mediante a correspondente convocatoria, que se publicará na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) <http://www.igae.pap>.

minhap.gob.es, así como o seu extracto no «Boletín Oficial del Estado», con indicación do importe total dispoñible e a concreción dos requisitos da concesión, as características e a documentación que se deberá presentar.

2. Conforme o previsto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, establécese a obrigatoriedade dos destinatarios destas axudas de relacionarse por medios electrónicos coa Administración.

A presentación de solicitudes realizarase, exclusivamente, a través do rexistro electrónico do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, conforme o modelo ou formulario normalizado de solicitude que se xunta na correspondente convocatoria, que estará dispoñible na sede electrónica deste ministerio: (<https://sede.mapa.gob.es/>). A convocatoria fixará o prazo de presentación das solicitudes, que non poderá ser superior a quince días hábiles contados a partir do día seguinte á data de publicación do extracto no «Boletín Oficial del Estado».

3. As solicitudes presentaranas os armadores dos buques afectados polas paralizacións temporais subvencionables e incluírán as axudas solicitadas polos pescadores enrolados neles.

As solicitudes poderanse realizar, logo de autorización expresa do interesado, a través das confrarías, organizacións de produtores e outras asociacións e entidades representativas ou mediante calquera outro representante legal debidamente acreditado, de acordo co disposto no artigo 5.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. A solicitude conterá a seguinte información:

1.º Sen prexuízo do indicado no parágrafo seguinte, declaración responsable de non ter percibido nin solicitado outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para axudas por COVID-19 e para os mesmos períodos de parada temporal, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, en cumprimento do artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, en relación coas obrigas dos beneficiarios.

No caso de ter recibido a prestación por desemprego, cesamento de actividade de traballadores autónomos, prestación extraordinaria de cesamento de actividade establecida en virtude do artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, deberá indicalo no modelo de solicitude.

2.º Declaración responsable de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro das causas recollidas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

3.º Declaración responsable de non ter sido sancionado coa perda da posibilidade de obter subvencións por incumprimento da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

4.º Declaración responsable de non estar incurso nalgún dos supostos previstos no artigo 10 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo á admisibilidade de solicitudes e operacións non subvencionables conforme o disposto no artigo 4.5 deste real decreto.

5.º Declaración responsable de ter realizado unha parada temporal por COVID, excluindo por tanto aquelas paradas ordinarias que habitualmente realiza, ou aquelas outras cuxa razón fose reparación en estaleiros ou semellantes.

6.º Declaración responsable sobre o cumprimento de todos os requisitos indicados no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, necesarios para obter a condición de beneficiario, salvo o previsto na letra e).

7.º Acreditación da representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia, de proceder.

8.º Certificado do armador de estar incluído no rol da embarcación, co visto e prace de Capitanía Marítima, de acordo co modelo que figurará na convocatoria (apéndice I), onde conste expresamente o día de entrada do buque a porto e, de ser o caso, o día de saída do buque do porto, sen prexuízo do disposto no artigo 4.7.a).

9.º O armador, que presentará a solicitude en nome dos pescadores, deberá contar coa autorización deles segundo establece o modelo da solicitude (apéndice II) e presentar unha declaración responsable de que os pescadores para os cales solicita a axuda cumpren os mesmos requisitos ca o armador, no que proceda, segundo o artigo 2.

5. No caso de armadores que presentasen un procedemento de suspensión dos contratos ou de redución de xornada, ademais deberán indicalo na solicitude e presentar:

1.º Documentación acreditativa da comunicación do empresario á autoridade laboral da súa decisión de suspender os contratos de traballo e, nos casos de forza maior, a resolución da autoridade laboral.

Poderase eximir deste requisito cando se xustifique documentalmente que os contratos de traballo dos pescadores enrolados na data da arribada a porto para comezar a parada pola súa natureza se extinguen ou se suspenden na data da última arribada a porto para comezar a parada.

2.º Calquera outro documento acreditativo de situacións que cumpra xustificar para resolver as axudas, en particular, a de encontrarse na situación de alta na Seguridade Social no momento de inicio do cesamento temporal e manter ininterrompida a relación laboral coa empresa armadora da embarcación en que se encontraban enrolados no momento de sobrevivir o cesamento temporal e acreditar un período de cotización no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar de, polo menos, doce meses ao longo da súa vida laboral.

As declaracións responsables previstas neste artigo presentaranse segundo o modelo normalizado que se estableza na convocatoria.

6. Se os documentos que xuntan á solicitude non reuniren os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano instrutor requirirá o interesado para que, no prazo máximo de dez días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con advertencia de que, se non o fixer, se dará por desistido da solicitude, de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

7. Salvo no prazo de presentación de solicitudes, os prazos previstos neste artigo poderán ser obxecto de redución de acordo co previsto no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cando razóns de interese público aconsellen a tramitación de urxencia do procedemento.

Artigo 10. *Ordenación e instrución e actividades de comprobación.*

1. A ordenación e instrución do procedemento corresponderá á Subdirección Xeral de Acuicultura, Comercialización Pesqueira e Accións Estruturais, que realizará todas as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales deberán formular a proposta de resolución.

Para tal efecto:

a) O Instituto Social da Mariña facilitará a información ou, de ser o caso, o acceso a ela, para obter a antigüidade do pescador que permita verificar o requisito de tempo mínimo embarcado en buque que percibe axuda por paralización temporal e os pescadores asociados a cada conta de cotización. Así mesmo, facilitará a información da que dispoña en relación cos procedementos de suspensión dos contratos ou de redución de xornada.

b) Conforme o previsto na disposición adicional oitava da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, a solicitude supón o consentimento expreso para que o órgano instrutor poida comprobar ou recadar doutros órganos, administracións ou provedores de información, por medios electrónicos, os datos de identidade do solicitante, así como a información sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, segundo o disposto no artigo 22.4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou sobre outras circunstancias dos solicitantes ou das solicitudes que, de acordo coa convocatoria e coa normativa aplicable,

sexan pertinentes para a instrución do procedemento, salvo oposición expresa manifestada da solicitude.

Para verificar os datos subministrados en relación co cumprimento das obrigas tributarias, o consentimento deberá ser expreso de acordo co artigo 95.1.k) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

En caso de oposición, o solicitante deberá achegar os documentos, certificados ou probas que para o efecto lle exixa a convocatoria. No caso de caducar a validez desas certificacións, deberán renovarse con anterioridade a ditarse a proposta de resolución e ao pagamento da axuda.

c) En todo caso, os días de actividade no mar verificaraos directamente a Secretaría Xeral de Pesca, a través dos dispositivos de localización de buques vía satélite (VMS).

No caso dos buques que non tivesen a obriga de levar instalados a bordo tales dispositivos, verificaranse mediante diarios electrónicos de a bordo (DEA).

No caso de se tratar de buques que non tivesen a obriga de levar instalados a bordo os dispositivos anteriores, os días de actividade verificaranse polo diario de pesca e/ou polas notas de venda. No entanto, sempre se poderá garantir a concordancia entre o día da nota de venda e o día de desembarque ou captura, así como por calquera outro dispositivo, documento ou medio que permita verificar fidedignamente os días de actividade no mar.

2. O órgano instrutor poderá solicitar todos os documentos e os informes que considere necesarios de acordo co artigo 24.3.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Artigo 11. *Valoración das solicitudes.*

1. A Comisión de Valoración, consonte os criterios establecidos, emitirá un informe motivado no prazo de tres meses en que se concrete o resultado da valoración das solicitudes.

Cando as solicitudes subvencionables superen as dispoñibilidades orzamentarias, a Comisión de Valoración determinará a asignación do orzamento dispoñible establecendo unha prelación de solicitudes, aplicando os criterios de valoración que se establecen no artigo 14, de xeito que o informe xustifique a puntuación obtida por cada solicitude, ordenándoas en función da puntuación obtida, e remitirá ao órgano instrutor a lista de solicitudes que poidan ser financiadas xunto cos criterios obxectivos para asegurar a máxima eficiencia na asignación dos recursos dispoñibles, co obxecto de que formule proposta de resolución provisional.

2. Os documentos, informes e certificados que sirvan para a avaliación dos proxectos formarán parte do expediente das axudas.

Artigo 12. *Comisión de Valoración.*

1. A Comisión de Valoración estará constituída por dous funcionarios da Subdirección Xeral de Acuicultura, Comercialización e Accións Estruturais e un funcionario da Subdirección Xeral de Sustentabilidade Económica e Asuntos Sociais, nomeados polo director xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura. Deles, un pertencente ao subgrupo A1, que actuará de presidente, e os dous vogais pertencentes aos subgrupos A1 ou A2, que actuarán con voz e con voto, un deles exercerá de secretario.

2. O funcionamento da Comisión de Valoración será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios da Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura e axustará o seu funcionamento ás previsións establecidas para os órganos colexiados na sección 3.^a do capítulo II do título preliminar Lei 40/2015, do 1 de outubro.

3. De acordo coas normas establecidas para a prevención da fraude, os membros da comisión reforzarán a súa implicación neste obxectivo a través dunha declaración de ausencia de conflito de intereses.

Artigo 13. *Criterios de valoración.*

1. Establécense os seguintes criterios para a valoración das solicitudes, cuxa puntuación máxima será de 100 puntos:

a) Días de parada temporal subvencionables. Ordenaranse as solicitudes de máis a menos días de parada no período de referencia establecido en cada convocatoria e outorgarase a máxima puntuación (50 puntos) á solicitude con maior número de días de parada subvencionable. A puntuación do resto de solicitudes asignarase de maneira proporcional, segundo os seus días de parada subvencionables.

b) Redución de ingresos. Ordenaranse as solicitudes de maior a menor redución de ingresos porcentual no período de referencia establecido en cada convocatoria, en relación coa media do mesmo período durante os anos 2017, 2018 e 2019, e outorgarase a máxima puntuación (50 puntos) á solicitude con maior porcentaxe de perdas. A puntuación do resto de solicitudes asignarase de maneira proporcional, segundo as súas perdas.

2. En caso de empate tras a valoración de ambos os criterios, primará o resultado obtido no criterio redución de ingresos. De persistir o empate, dilucidaríase pola orde de entrada da solicitude, atendendo ao día, á hora e ao minuto da súa presentación.

Artigo 14. *Proposta de resolución provisional e definitiva.*

1. O órgano instructor, en vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, emitirá unha proposta de resolución motivada e publicaráa na sede electrónica para que, no prazo de dez días hábiles, os interesados, de ser o caso, formulen as alegacións que consideren convenientes. Esta proposta deberá conter unha relación das solicitudes obxecto de valoración para as cales se propón a axuda e a súa contía, con indicación dos criterios de valoración aplicados conforme o disposto no artigo 13, así como as condicións e obrigas derivadas da súa concesión.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren en procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas ca as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

2. Unha vez finalizado, se é o caso, o trámite de audiencia, o órgano instructor formulará a proposta de resolución definitiva, na cal se expresará o solicitante ou a relación de solicitantes para os cales se propón a concesión de axudas e a súa contía.

3. Os solicitantes incluídos na proposta de resolución provisional de concesión da axuda poderán ser requiridos para o efecto de que cumpran os requisitos ou que acheguen a documentación que acredite a realidade dos datos contidos na súa declaración nun prazo non superior a dez días. Non obstante, a convocatoria establecerá os mecanismos para evitar o requirimento ao beneficiario de documentos que xa consten en poder do órgano instructor.

4. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean ningún dereito a favor do beneficiario proposto fronte á Administración, mentres non lle fose notificada a resolución de concesión.

Artigo 15. *Resolución.*

1. Corresponde ao titular do departamento ou do órgano en quen delegue a concesión ou denegación das axudas.

2. A resolución estará debidamente motivada de acordo co disposto na convocatoria e fará alusión ás valoracións realizadas, de ser o caso, polo órgano instructor e ao informe da Comisión de Valoración, a cuxas actas poderán acceder os solicitantes interesados. No caso das solicitudes rexeitadas, indicarase o motivo do rexeitamento, que deberá conter, polo menos:

a) A relación ordenada dos solicitantes aos cales se lles concede a axuda, o importe da axuda, así como as condicións que debe cumprir a persoa beneficiaria. Desagregarán os importes correspondentes ao armador e a cada un dos pescadores, de ser o caso.

b) Unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións para adquirir a condición de beneficiario, non fosen estimadas por superaren a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas en función dos criterios de valoración previstos nela.

c) A contía da axuda concedida, así como o período e a forma de pagamento.

d) O réxime de recursos.

e) Mención á procedencia dos fondos con que se financia a axuda e o importe cofinanciado polo FEMP, indicando a que prioridade e operación do programa operativo pertence a axuda.

f) Dereitos e obrigas que debe cumprir o beneficiario da axuda (documento DECA).

3. A resolución do procedemento de concesión publicarase na sede electrónica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nos termos establecidos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Esta publicación por medios electrónicos é substitutiva das notificacións, mediante a comparecencia dos interesados na sede electrónica (<https://sede.mapa.gob.es/>) que accedan á súa zona persoal mediante certificado electrónico, DNI-e ou cl@ve.

4. O prazo máximo para resolver e publicar non poderá exceder os seis meses contados desde a publicación do extracto da correspondente convocatoria no «Boletín Oficial del Estado», salvo que a convocatoria pospoña os seus efectos a unha data posterior de acordo co artigo 25.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. Unha vez transcorrido ese prazo sen terse emitido resolución expresa, os interesados estarán lexitimados para entender rexeitadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de acordo co establecido no artigo 24.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

5. No caso de se producir a renuncia ou a perda sobrevida do dereito á axuda por parte dalgún dos beneficiarios, e sempre que se liberase crédito suficiente para atender, polo menos, unha das solicitudes non atendidas por falta de crédito orzamentario, poderase acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ao solicitante ou solicitantes que corresponda segundo a orde de prelación, nun prazo non superior a un mes desde a perda do dereito. Para iso comunicaráselles a opción aos interesados co fin de que manifesten a súa aceptación no prazo improrrogable de dez días hábiles.

6. Os interesados poderán interpor, potestativamente, recurso de reposición contra a resolución que se dite no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta, de acordo co disposto nos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación deste acto, segundo o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 16. *Xustificación e pagamento da axuda destinada aos beneficiarios.*

1. Os xustificantes bancarios e os recibos establecidos no número 8 do artigo anterior deberanse achegar a través da carpeta de cada beneficiario da sede electrónica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación indicada no artigo 10.1, no prazo máximo de dous meses desde a percepción efectiva da axuda na conta corrente do armador.

2. No caso de que o armador non puiden entregar a axuda ao pescador por motivos sobrevidos e de forza maior, ou ben por renuncia expresa por escrito do pescador, o armador disporá igualmente de dous meses desde a percepción efectiva da axuda para reintegrar voluntariamente ao Tesouro Público a parte da axuda non entregada ao pescador.

3. De ser o caso, o artigo 10.2 aplicarase da mesma maneira para o envío da documentación do presente artigo.

4. O pagamento das axudas efectuarase na conta bancaria que for designada polo armador beneficiario. Pola súa vez, o armador estará obrigado a ingresar a axuda correspondente aos pescadores incluídos na resolución na súa conta bancaria, así como a obter un recibo asinado polo pescador, segundo o modelo incluído na solicitude da

convocatoria correspondente, no prazo máximo dun mes desde a percepción efectiva da axuda na conta corrente do armador.

5. Non se prevén pagamentos anticipados nin aboamentos á conta.

Artigo 17. *Reintegro e gradación de incumprimentos.*

1. O incumprimento dos requisitos establecidos no presente real decreto para ser beneficiario, das súas obrigas e das demais disposicións de aplicación, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na correspondente resolución de concesión, dará lugar total ou parcialmente, logo do oportuno expediente de incumprimento, á obriga de reintegrar as subvencións e os xuros legais correspondentes, conforme o disposto no artigo 37.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. Así mesmo, de acordo co establecido polo artigo 17.3.n) da devandita lei, terase en conta, para a gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións, que o beneficiario se aproxime de xeito significativo ao cumprimento total, entendendo por tal a realización das respectivas paradas, e que demostre que fixo todo o posible por cumprir de forma íntegra os compromisos que asumiu ao solicitar a subvención.

3. O incumprimento das condicións establecidas no artigo 5, números 4 e 5, durante os cinco anos seguintes ao último pagamento da axuda dará lugar ao reintegro da axuda en proporción ao tempo en que tivese lugar ese incumprimento.

Para iso calcularase o período de tempo transcorrido desde o último pagamento e a data de comisión da infracción grave e descontarase do período de cinco anos, obtendo o período de tempo de axuda que hai que devolver.

O importe total da axuda ratearase no período de cinco anos e o importe que se reintegrará será a parte da axuda correspondente ao período de tempo calculado segundo o parágrafo anterior.

Artigo 18. *Actuacións de comprobación, control e inspección das axudas.*

1. A Subdirección Xeral de Acuicultura, Comercialización Pesqueira e Accións Estruturais ten a facultade para realizar os controis que se consideren necesarios para comprobar os datos que xustifican o outorgamento da axuda e de inspeccionar as actuacións para comprobar que se cumpre o destino das axudas, os requisitos e os compromisos establecidos nestas bases reguladoras e na normativa sobre controis que regula as axudas financiadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

2. A concesión da subvención estará sometida ao seguimento por parte da Subdirección Xeral de Acuicultura, Comercialización Pesqueira e Accións Estruturais para garantir o cumprimento e mantemento dos requisitos e das condicións para o outorgamento da axuda.

3. Así mesmo, e sen prexuízo do anterior, os funcionarios da Intervención Xeral do Estado e da Comisión e do Tribunal de Contas da Unión Europea están facultados para efectuar en calquera momento as auditorías sobre o terreo das operacións financiadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, no marco do establecido no artigo 122 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014.

4. O exercicio destas funcións de inspección e control inclúe as actuacións dirixidas á prevención e detección da fraude, de acordo co establecido nos regulamentos (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014.

5. As actuacións de inspección e control poden afectar tamén a comprobación da veracidade da información indicada polo beneficiario sobre a base de datos ou documentación en posesión de terceiros.

6. De acordo co artigo 46.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a negativa a cumprir a obriga das persoas beneficiarias ou de terceiros a prestar colaboración e facilitar a documentación que lles sexa requirida, no exercicio destas funcións de inspección e

control, considerárase resistencia, escusa, obstrución ou negativa e, por tanto, causa de revogación e reintegro, de ser o caso, da axuda, sen prexuízo das sancións que poidan corresponder.

Artigo 19. *Infraccións e sancións.*

O incumprimento do disposto no presente real decreto sancionárase conforme o establecido no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

En particular, o incumprimento da obriga de transferir o importe da axuda aos pescadores por parte do armador segundo o artigo 17.8, ademais do correspondente procedemento de reintegro do número 1, constituirá unha infracción moi grave recollida no artigo 101.d) da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Artigo 20. *Publicidade das subvencións.*

1. A publicidade das subvencións realizarase de conformidade co disposto nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. A aceptación da axuda supón a aceptación da súa inclusión na lista de beneficiarios, publicada por vía electrónica, na cal figuren os nomes das operacións e o importe do financiamento público asignado ás operacións, de acordo co artigo 119.2 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, así como no Sistema nacional de publicidade de subvencións.

Artigo 21. *Protección de datos.*

1. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Regulamento (UE) n.º 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.

2. Os datos de carácter persoal que as persoas beneficiarias teñen que facilitar para obter a axuda solicitada incorpóranse a ficheiros informáticos situados en todo momento baixo a responsabilidade da Subdirección Xeral de Acuicultura, Comercialización Pesqueira e Accións Estruturais e utilizaranse para a xestión, o control, a avaliación e proposta de pagamento da axuda solicitada.

3. A información poderá ser cedida, no marco da utilización antes citada, a outras administracións públicas ou a empresas privadas ás cales as administracións públicas lles encarguen traballos en relación coa xestión, o control, a avaliación e o pagamento da axuda solicitada, como parte das tarefas de verificación e auditoría das axudas cofinanciadas con cargo ao FEMP.

Artigo 22. *Loita contra a fraude.*

1. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puideren ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, no marco de calquera das convocatorias para a concesión de axudas obxecto destas bases, poderá pór tales feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto polo devandito servizo no enderezo web <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx>, nos termos establecidos na Comunicación 1/2007, do 3 de abril, do citado servizo, que se xuntará como na correspondente convocatoria.

Disposición adicional primeira. *Convocatoria das axudas para armadores con ou sen procedemento de suspensión de contratos ou redución de xornada e para pescadores sen un procedemento de suspensión dos contratos ou redución de xornada para facer fronte á paralización temporal da actividade pesqueira para o período comprendido entre o 16 de marzo e o 15 de xullo de 2020.*

Primeiro. *Obxecto.*

Convócanse, para o exercicio 2020, as axudas a armadores con ou sen procedemento de suspensión de contratos ou redución de xornada e para os pescadores que non estean incurso nun procedemento de suspensión dos contratos ou de redución de xornada por paralización temporal da actividade pesqueira, baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, non discriminación, eficacia no cumprimento de obxectivos fixados no presente real decreto e eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos.

De acordo co disposto no artigo 1, as axudas previstas nesta convocatoria establécense para minimizar o impacto do gromo do COVID-19 na actividade pesqueira.

O período de referencia para esta convocatoria de axudas é o comprendido entre o 16 de marzo e o 15 de xullo.

Segundo. *Bases reguladoras.*

As bases reguladoras destas axudas establécense no presente real decreto.

Terceiro. *Beneficiarios, obrigas e criterios de valoración.*

Poderán ser beneficiarios destas axudas os armadores de buques pesqueiros e os seus tripulantes que cumpran os requisitos establecidos no presente real decreto.

As solicitudes presentadas valoraranse de acordo co establecido no presente real decreto e as obrigas dos perceptores serán as previstas neste real decreto.

Cuarto. *Presentación de solicitudes.*

As solicitudes presentaranse no prazo máximo de quince días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no «Boletín Oficial del Estado».

A presentación de solicitudes realizarase unicamente a través do rexistro electrónico do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, conforme o modelo normalizado que se xunta como anexo I e que estará dispoñible na sede electrónica deste ministerio (<https://sede.mapa.gob.es/>), e xuntarase a documentación indicada no artigo 10.

A sede electrónica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación admite certificados dixitais recoñecidos conforme o estándar ITU-T X.509 v3, emitidos por múltiples prestadores de servizos de certificación.

A publicación por medios electrónicos é substitutiva das notificacións das axudas mediante a comparecencia dos interesados na sede electrónica (<https://sede.mapa.gob.es/>), que accederán á súa zona persoal mediante certificado electrónico, DNI-e ou cl@ve.

Quinto. *Procedemento e resolución.*

A ordenación e instrución do procedemento realizarase de acordo co real decreto.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os seis meses a partir da publicación do extracto desta convocatoria no «Boletín Oficial del Estado».

O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima os interesados a entender que a solicitude de concesión da subvención foi rexeitada por silencio administrativo.

A resolución da axuda ditarase e publicarase conforme o presente real decreto.

Sexto. *Réxime de recursos.*

Os interesados poderán interpor, potestativamente, recurso de reposición contra a resolución que se dite ante o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto nos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación deste acto, segundo o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen que se poidan simultanear ambas as vías.

Sétimo. *Financiamento.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación asignará, para o ano 2020, unha contía máxima total de 30.000.000 de € (trinta millóns de euros) con cargo á aplicación orzamentaria 21.11.415B.777 dos orzamentos xerais do Estado de 2020 «Axudas para compensar os efectos do COVID-19».

A concesión e o pagamento das axudas previstas nesta disposición realizaranse de acordo co establecido neste real decreto e quedarán condicionados á existencia de crédito adecuado e suficiente.

O importe máximo da axuda poderá alcanzar o 100% do importe subvencionable e a contribución será con cargo do 75% ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, o outro 25% restante corresponderá á contribución nacional de acordo co disposto nos artigos 95.2 e 94.3 do Regulamento (UE) n.º 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, e á excepcionalidade das medidas específicas para atenuar o impacto do COVID-19.

Oitavo. *Loita contra a fraude.*

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puideren ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, no marco desta convocatoria, poderá pór tales feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto polo devandito servizo no enderezo [webhttps://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx](https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx), nos termos establecidos na Comunicación 1/2007, do 3 de abril, do citado servizo, que se xunta á presente convocatoria.

Noveno. *Efectos.*

A presente disposición producirá efectos desde o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición adicional segunda. *Reactivación do mecanismo de almacenamento do artigo 67 do Regulamento n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e ao pagamento das axudas aos plans de produción e comercialización afectados polo COVID-19.*

1. Como consecuencia da redacción que o Regulamento (UE) n.º 2020/560 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2020, polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 508/2014 e (UE) n.º 1379/2013, en relación con medidas específicas para atenuar o impacto económico e social no sector da pesca e da acuicultura derivado do gromo do COVID-19, deu ao artigo 67 do Regulamento (UE) n.º 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, procédese á reactivación do mecanismo de almacenamento –que finalizara o 31 de decembro de 2018– para os

produtos almacenados que se reintroduzan no mercado antes do 1 de novembro de 2020. En caso de non producirse a reintrodución, eses almacenamentos non serán subvencionables.

2. A convocatoria das axudas para o mecanismo de almacenamento, así como os anticipos dos plans de produción e comercialización do ano 2020, efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 21.11.415B.777 «Axudas para compensar os efectos do COVID-19» dos orzamentos xerais do Estado para 2020.

Disposición adicional terceira. *Autorización do Consello de Ministros para a convocatoria indicada na disposición adicional primeira.*

Mediante a presente disposición dáse cumprimento ao disposto no artigo 10.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para autorizar a concesión das axudas que se convocan na disposición adicional primeira, por ser a súa contía superior a 12 millóns de euros. Esta autorización non implica a aprobación do gasto, que corresponde ao órgano competente.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 347/2011, do 11 de marzo, polo que se regula a pesca marítima de recreo en augas exteriores.*

Inclúese un novo artigo 4 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 4 bis. *Medidas de xestión para a pesca recreativa de robaliza e bacallau.*

Para a zona definida no artigo 2.a), e conforme o artigo 36 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establécese un tamaño mínimo de 42 centímetros para a captura da robaliza (*Dicentrachus labrax*) e do bacallau (*Gadus moruha*) para a pesca marítima de recreo».

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1173/2015, do 29 de decembro, de desenvolvemento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca no relativo ás axudas á paralización definitiva e temporal da actividade pesqueira.*

Engádese un parágrafo á disposición derradeira primeira do Real decreto 1173/2015, do 29 de decembro, de desenvolvemento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca no relativo ás axudas á paralización definitiva e temporal da actividade pesqueira, coa seguinte redacción:

«Así mesmo, o real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe competencia exclusiva ao Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica».

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.*

O artigo 16 queda redactado como segue:

«Artigo 16. *Disposicións sobre o mecanismo de almacenamento.*

1. As OPP e AOP poderán utilizar o mecanismo de almacenamento previsto no artigo 30 da OCM. Non obstante, deberán adoptar as medidas necesarias para evitar o seu uso de maneira habitual.

2. Mediante resolución da Secretaría Xeral de Pesca, publicaranse no «Boletín Oficial del Estado», no cuarto trimestre de cada ano e para a campaña seguinte, os prezos de activación previstos no artigo 31 do Regulamento da OCM e os custos técnicos e financeiros previstos no artigo 67 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014.

3. Os almacenamentos tomaranse en conta seguindo as campañas establecidas no artigo 14.4 e a contía máxima por almacenamento será a establecida na resolución correspondente para dous meses de almacenamento.

Durante o primeiro mes, entre 5 e 20 días de almacenamento, tomarase o 75% do valor dos custos técnicos e financeiros fixados na resolución anual da Secretaría Xeral de Pesca.

Cando os almacenamentos superen os 20 días de duración desde a súa entrada ao almacén, tomarase o 100% do valor dos custos técnicos e financeiros para un mes ata o día 30 de almacenamento.

Adicionalmente ao importe da axuda fixada para un mes, entre os días 31 e 60 de almacenamento, e co límite de dous meses indicado no número anterior, a axuda calcularase diariamente, dividindo o importe para un mes de almacenamento dos importes fixados na resolución anual da Secretaría Xeral de Pesca entre 30 días.

4. Nas convocatorias de axudas correspondentes, terá prioridade a estabilización en terra dos produtos que se desembarquen en fresco fronte aos produtos estabilizados a bordo.

5. No caso de que o produto posto á venda en vivo, fresco ou refrixerado por un membro dunha OPP non supere o valor establecido no prezo de activación correspondente e decida utilizar o mecanismo de almacenamento, a OPP deberá comprarlles aos seus asociados o produto ao prezo de activación que se estableza segundo o número 3, cubrir unha nota de venda e indicar nela que o seu destino é o almacenamento, tal e como dispón o artigo 7 do Real decreto 418/2015, do 29 de maio.

6. No caso de que o produto posto á venda por un membro dunha OPP que se estabilizase a bordo ou proveña da produción acuícola non supere o valor establecido no prezo de activación correspondente e decida utilizar o mecanismo de almacenamento, a OPP deberá efectuar unha declaración de recollida ou un documento con información similar para as producións acuícolas, ata que se reintroduza no mercado, momento en que se deberá confeccionar a nota de venda correspondente ou o documento de rastrexabilidade, segundo o disposto nos artigos 7, 8 e 9 do Real decreto 418/2015, do 29 de maio.

7. No caso das OPP e AOP conxuntas de pesca e acuicultura, aplicaranse os números 5 ou 6 segundo a orixe das producións, xa procedentes da pesca extractiva ou da acuicultura».

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 956/2017, do 3 de novembro, polo que se establece o marco regulador de axudas ás organizacións profesionais do sector da pesca e da acuicultura, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e as súas bases reguladoras de ámbito estatal, e polo que se modifican o Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda de produtos pesqueiros, e o Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.*

Un. Os números 2 e 4 do artigo 4 quedan redactados como segue:

«2. A axuda concedida non poderá superar o 12% do valor medio anual da produción comercializada pola OPP ou AOP durante os tres anos naturais anteriores á resolución de aprobación do PPeC correspondente ao ano que proceda».

«4. Potestativamente, e sempre que así o recolla a convocatoria, as administracións competentes poderán outorgar anticipos segundo o disposto no artigo 66.4 do FEMP, de entre un 50 e un 100% dos custos elixibles, e prever, de ser o caso, a constitución de garantías segundo estableza a súa normativa de aplicación, cando sexa consecuencia do COVID-19. En caso contrario, aplicarase a porcentaxe que estableza o FEMP ou fondo que o substitúa».

Dous. O primeiro parágrafo do número 2 do artigo 16 queda redactado como segue:

«2. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior e de acordo co establecido no artigo 66 do Regulamento FEMP, no caso dos PPeC, a convocatoria poderá dispor a posibilidade de outorgar un anticipo de entre un 50 e un 100% dos custos elixibles, logo da aprobación do PPeC».

Tres. O artigo 19.3.a) queda redactado como segue:

«a) O incumprimento das actividades para as cales se aprobou a axuda será causa de reintegro total da subvención».

Catro. O artigo 26 queda redactado como segue:

«Artigo 26. *Cálculo da contía da axuda.*

1. Para o cálculo da axuda terase en conta o establecido nos artigos 14 e 15 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

2. A axuda financeira anual non superará o 12% do valor medio da produción comercializada pola OPP ou AOP durante os tres anos naturais anteriores á resolución de aprobación do PPeC.

3. No caso das OPP ou AOP acabadas de recoñecer, esta axuda non superará o valor medio da produción comercializada polos membros desa organización durante os tres anos naturais anteriores nas porcentaxes indicadas no parágrafo anterior.

4. Comprobarase o valor e o volume da produción das organizacións profesionais do número anterior da mesma maneira ca o indicado no artigo 4».

Catro. O artigo 27 queda redactado como segue:

«Artigo 27. *Beneficiarios das axudas pola utilización do mecanismo de almacenamento.*

Poderán ser beneficiarias destas axudas as OPP e, se é o caso, as AOP da pesca extractiva, da acuicultura ou conxuntas de pesca e acuicultura, de ámbito nacional, transnacional e autonómico, dadas de alta no rexistro establecido no artigo 8 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño».

Cinco. As letras a), b) e h) do número 1 do artigo 28 quedan redactadas como segue:

«a) Os produtos da pesca e da acuicultura que poden recibir apoio financeiro son os establecidos no anexo II ou produtos do Código NC 0302 enumerado no anexo I, sección (a) do Regulamento da OCM, para os cales, unha vez postos á venda, non se atopase comprador ao prezo de activación vixente, segundo a resolución anual da Secretaría Xeral de Pesca, tal e como establece o artigo 16.2 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

b) Os produtos poderanse estabilizar e/ou transformar, ben a bordo dos buques ou ben en instalacións en terra, e non poderán almacenarse en vivo no caso dos produtos da acuicultura.

Os procesos mediante os cales se poden estabilizar os produtos son a conxelación, a salgadura, o desecado, o mariñado, así como a cocción ou pasteurización.

Estes procesos poden implicar filetear, torar ou escabezar o produto.

Os lugares onde se almacenen os produtos en terra, despois de teren sido postos á venda e de non atopar un comprador ao prezo de activación, tanto se os produtos se estabilizaron a bordo do buque como se se van estabilizar en terra, deberán estar inscritos no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias (RXSEAA)».

«h) No caso dos produtos estabilizados a bordo ou procedentes da acuicultura, os produtos deberá ofertalos un membro da OPP e será necesaria a renuncia de dous compradores ao prezo de activación e deberase confeccionar unha declaración de recollida ou un documento con similar información para os produtos acuícolas por parte do establecemento autorizado ata que se reintroduza no mercado, momento en que se deberá confeccionar a nota de venda ou o documento de rastrexabilidade correspondente, en aplicación do artigo 16.6 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño».

Seis. O artigo 30.1.b).2.º queda redactado como segue:

«2.º Segmento de pesca litoral e modalidade da acuicultura: 40 puntos».

Sete. O artigo 32 queda redactado como segue:

«Artigo 32. *Cálculo da contía da axuda.*

1. Para o cálculo de axuda terase en conta o establecido nos artigos 16 e 17 do Real decreto 277/2016 sen prexuízo do disposto na disposición derradeira segunda.

2. A determinación do importe final elixible virá dada pola multiplicación do número de toneladas almacenadas que se reintroduzan no mercado, debidamente validado na aplicación OPPES, multiplicadas polo importe dos custos técnicos e financeiros, e a contía máxima por almacenamento será a establecida na resolución correspondente para dous meses de almacenamento.

Co fin de que os beneficiarios non se vexan prexudicados no caso de produtos que pola súa natureza de estabilización sufran mingua, tomarase este feito en conta para o cálculo da axuda, debido a que as cantidades almacenadas non corresponderán ás reintroducidas.

3. As cantidades subvencionables non superarán o 25 % das cantidades anuais dos produtos da pesca incluídos no anexo II ou dos produtos do código NC 0302 enumerado no anexo I, sección (a) do Regulamento da OCM, comercializados pola OPP ou AOP no ano civil do seu almacenamento.

4. A axuda financeira anual non superará o 20 % do valor medio anual da produción comercializada polos membros da OPP durante o período 2017-2019 ou, no caso de que non comercializasen ningunha produción para ese período, tomarase o valor medio da produción comercializada nos tres primeiros anos de produción deses membros.

5. Comprobarase o valor e o volume da produción das organizacións profesionais do número anterior da mesma maneira ca o indicado no artigo 4».

Disposición derradeira quinta. *Supletoriedade.*

Estas axudas rexeranse, ademais de polo particularmente disposto neste real decreto, polo previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e nas demais disposicións legais e regulamentarias que resulten de aplicación.

Para o non previsto neste real decreto será de aplicación supletoria o disposto no Real decreto 1173/2015, do 29 de decembro, de desenvolvemento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca no relativo ás axudas á paralización definitiva e temporal da actividade pesqueira.

Disposición derradeira sexta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 149.1.19.^a da Constitución española, que atribúen ao Estado, respectivamente, as competencias exclusivas en

materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases de ordenación do sector pesqueiro.

As modificacións contidas nas disposicións derradeiras primeira á cuarta ampáranse nos títulos competenciais establecidos nas normas que son obxecto de modificación.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 28 de xullo de 2020.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación
LUIS PLANAS PUCHADES

IV. Número de conta corrente

ES						
----	--	--	--	--	--	--

V. Documentación que se xunta

- Certificados acreditativos de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (cando non se autorizase expresamente o órgano xestor para solicitálos de oficio á Administración correspondente).
- Fotocopia autenticada do documento nacional de identidade (cando non se autorizase expresamente o órgano xestor para solicitálo de oficio á Administración correspondente).
- Orixinal ou copia auténtica do poder ou outra documentación acreditativa das facultades representativas da persoa física que actúe en nome do solicitante (cando non se autorizase expresamente o órgano xestor para solicitálo de oficio á Administración correspondente).

VI. Autorizacións expresas

Si ~ / Non ~ Autorizo o órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, co fin de comprobar que o solicitante está ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como a consulta da vida laboral para comprobar os requisitos de afiliación á Seguridade Social e o rol do buque por conta de cotización.

Si ~ / Non ~ Autorizo o órgano xestor para comprobar ou recadar doutros órganos, administracións ou provedores da información, por medios electrónicos, os datos de identidade do solicitante, de acordo co Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

Si ~ / Non ~ Autorizo o órgano xestor para comprobar a existencia do poder que acredite a representación a través do Rexistro Electrónico de Apoderamentos.

Si ~ / Non ~ Percibiu a prestación por desemprego, cesamento de actividade de traballadores autónomos, prestación extraordinaria de cesamento de actividade establecida en virtude do artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, e autorizo o órgano xestor do Instituto Social da Mariña para comprobar este aspecto.

VII. Declaracións responsables

1. Declara que son certos os datos consignados nesta solicitude, que reúne os requisitos exixidos pola convocatoria, acepta as condicións establecidas nas bases reguladoras e na convocatoria destas axudas, e comprométese a cumprir coas obrigas xerais e específicas para o tipo de axuda solicitada, así como a achegar a documentación e a información necesaria.
2. Declara non ter percibido nin solicitado outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para as axudas polo COVID-19 e para os mesmos períodos de parada temporal, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, en cumprimento do artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, en relación coas obrigas dos beneficiarios.
3. Declara ter realizado unha parada temporal polo COVID, exclúense por tanto aquelas paradas ordinarias que habitualmente realiza ou aqueloutras cuxa razón fose a de reparacións en estaleiros ou semellantes.
4. Declara proceder ao pagamento correspondente a cada pescador, unha vez recibida a resolución da axuda, segundo o artigo 17 das bases reguladoras.
5. Declara non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro das causas recollidas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
6. Declara non ter sido sancionado coa perda da posibilidade de obter subvencións por incumprimento da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
7. Declara non encontrarse incurso nalgún dos supostos previstos no artigo 10 do Regulamento (UE) n.º 508/2014, relativo á admisibilidade de solicitudes e operacións non subvencionables.
8. Declara non ter sido sancionado coa imposibilidade da obtención de préstamos, subvencións ou axudas públicas.

VIII. Información para o solicitante da axuda respecto dos datos declarados nesta solicitude e no resto dos documentos incorporados ao expediente.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación mantén un compromiso de cumprimento da lexislación vixente en materia de tratamento de datos persoais e seguridade da información co obxecto de garantir que a recollida e o tratamento dos datos facilitados se realiza conforme o Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPDP), e a normativa nacional vixente na materia. Por este motivo, ofrecémoslles a seguir información sobre a política de protección de datos aplicada ao tratamento dos datos de carácter persoal derivado da tramitación desta convocatoria de axudas.

1. Responsable do tratamento.

Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación
Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura
Subdirección Xeral de Acuicultura, Comercialización Pesqueira e Accións Estruturais
R/ Velázquez 147 (28002) - Madrid
Teléfono: 91 347 36 81
Correo: comerpm@mapa.es
Delegado de protección de datos: bzn-delegadosPD@mapa.es

2. Finalidade do tratamento. Os datos persoais incorporados serán utilizados exclusivamente para a xestión das axudas e conservaranse mentres a lexislación aplicable obrigue á súa conservación (Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español).

3. Lexitimación do tratamento. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento (Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

4. Destinatarios dos datos. Non están previstas cesións de datos nin transferencias internacionais de datos, salvo as previstas legalmente.

Dereitos sobre o tratamento de datos: conforme o previsto no RXPDP, poderá solicitar ao MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN, a través do enderezo <https://sede.mapa.gob.es/portal/site/seMAPA>, o acceso, a rectificación e supresión dos seus datos persoais, a limitación e oposición ao tratamento dos seus datos e a non ser obxecto de decisións automatizadas. Así mesmo, se considera vulnerados os seus dereitos, poderá presentar unha reclamación de tutela ante a Axencia Española de Protección de Datos <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/vistas/formReclamacionDerechos/reclamacionDerechos.jsf>

IX. Información sobre as condicións específicas da axuda

En consideración do artigo 125.3.c) do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, do 17 de decembro de 2013, infórmase sobre as condicións de axuda específicas que se deberán cumprir no caso de resultar aprobada a súa solicitude de axuda.

- A aceptación da axuda implica a garantía de que se ten a capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir as súas condicións, de ser o caso.

- A aceptación do financiamento supón a publicación, por vía electrónica ou outra, da lista de beneficiarios, dos nomes das operacións e do importe do financiamento público asignado ás operacións, de acordo co artigo 119 a) do Regulamento (UE) n.º 508/2014, así como no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

- Obriga de se relacionar coas administracións públicas a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- Coñecer que a aceptación do financiamento supón a publicación, por vía electrónica ou outra, da lista de beneficiarios, dos nomes das operacións e do importe do financiamento público asignado ás operacións, de acordo co artigo 119 a) do Regulamento (UE) n.º 508/2014, así como no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

- Non estar en ningún dos supostos previstos no artigo 10, número 1, do Regulamento (UE) n.º 508/2014, do FEMP, relativo á admisibilidade de solicitudes.
- Non ter sido culpable de cometer fraude, de acordo co artigo 10.3 do Regulamento FEMP, segundo a definición do artigo 1 do Convenio relativo á protección dos intereses financeiros das Comunidades Europeas, no marco do FEP ou FEMP.
- Garantir o mantemento da condición de beneficiario, cumprindo os requisitos de admisibilidade previstos no artigo 10 do FEMP e no Regulamento delegado (UE) 2015/288, da Comisión, do 17 de decembro de 2014.
- No suposto de que, unha vez recibida a axuda, se incorrese nalgunha das circunstancias recollidas no artigo 10 do FEMP, o beneficiario deberalle comunicar este feito ao órgano xestor, para proceder ao reintegro do importe correspondente cos xuros xerados ata ese momento por incumprimento de tal artigo.
- No caso ter coñecemento de feitos que puideren ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria, poderá pór eses feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos, a través da canle habilitada para o efecto por ese servizo no enderezo web <http://www.igae.pap.minhfp.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx> e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 3 de abril, do citado servizo.
- Coñecer a necesidade de manter un sistema contable separado ou un código contable adecuado, segundo o artigo 125.4 b) do Regulamento de disposicións comúns (UE) n.º 1303/2013, co obxecto de garantir a pista de auditoría.
- Manter os requisitos de admisibilidade despois de ter presentado a solicitude da axuda durante o período de execución e durante os cinco anos posteriores ao último pagamento da axuda.
- Presentar á Subdirección Xeral de Acuicultura, Comercialización Pesqueira e Accións Estruturais, unha vez concedida e pagada a axuda, a xustificación do pagamento e da súa contabilización, en consideración do artigo 125 do Regulamento de disposicións comúns (UE) n.º 1303/2013, no prazo de 2 meses desde o cobramento efectivo desa axuda.
- Someterse a actuacións de comprobación ou control dos distintos órganos competentes e colaborar nas verificacións das operacións financiadas que deben cumprir os requisitos do programa operativo do FEMP. Nas verificacións sobre o terreo comprobarase a execución efectiva das medidas cofinanciadas e a calidade técnica dos traballos e actuacións.
- Garantir o mantemento e a dispoñibilidade dos documentos xustificativos das axudas durante un prazo de polo menos tres anos, co obxecto de garantir a pista de auditoría e segundo se establece no artigo 140 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, do 17 de decembro de 2013. Conservar os documentos orixinais ou as copias debidamente compulsadas ou ben en soportes de datos comunmente aceptados, en especial versións electrónicas de documentos orixinais ou documentos existentes unicamente en versión electrónica.
- Todos os documentos xustificativos relativos aos gastos apoiados polo FEMP estarán á disposición da Comisión e do Tribunal de Contas Europeo, se así o solicitan, durante un prazo de dous anos a partir do 31 decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos da operación unha vez concluída.
- Cumprir coas disposicións en materia de información e publicidade e de comunicación do FEMP, de conformidade co establecido no anexo V do Regulamento FEMP, e segundo o Regulamento de execución (UE) n.º 763/2014, do 11 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 508/2014, no que respecta ás características técnicas das medidas de información e publicidade e ás instrucións para crear o emblema da Unión.
- O pagamento das axudas efectuarase na conta bancaria que fose designada polo armador beneficiario. Pola súa vez, o armador estará obrigado a ingresar a axuda correspondente aos pescadores incluídos na resolución, no prazo máximo dun mes, na súa conta bancaria, así como a obter un recibo asinado polo pescador, segundo o modelo incluído na solicitude da convocatoria correspondente, e a remitilo pola vía da sede electrónica do MAPA no prazo máximo de 2 meses desde a percepción efectiva da axuda na conta corrente do armador.

X. Datos dos pescadores para os cales solicita a axuda

1	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

2	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

3	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

4	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

5	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

6	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

7	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

8	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

9	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

10	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

11	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

12	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

13	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

14	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

15	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

16	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

17	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

18	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

19	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

20	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

21	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

22	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

23	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

24	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

25	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

26	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

27	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

28	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

29	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

30	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

31	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

32	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

33	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF ou NIE	Data de nacemento
Domicilio					
Enderezo		Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono
Correo electrónico					

O/a que abaixo asina solicita a subvención pública a que se refire a presente instancia e acepta as condicións indicadas nela.

Dado en o de de 2020

Apéndice I

Documento acreditativo da inclusión de traballadores no rol da embarcación

Real decreto 703/2020, do 28 de xullo, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas á paralización temporal da actividade pesqueira para poder facer fronte ao impacto económico e social derivado da pandemia do COVID-19, se convocan esas axudas para o primeiro tramo do exercicio 2020 e se modifican distintos reais decretos relativos á regulación das organizacións profesionais no sector da pesca e da acuicultura e para o exercicio da pesca recreativa.

APELIDOS	NOME	NIF/NIE

D., con NIF/NIE:, en calidade de armador/patrón/representante legal do precitado buque, e como mandatario dos tripulantes, declara que a relación de traballadores (rísquese o que non proceda) que antecede corresponde cos que se encontran enrolados na última arribada para proceder á paralización da frota, conforme a documentación que consta en poder da autoridade marítima competente para o despacho de buques.

.....,de... de 20

V. e pr. Despacho de Buques ou autoridade consular
(De existiren observacións, dilixencialas no dorso)

Instrucións para cubrir correctamente o apéndice I

Deberán consignarse os datos persoais de todos os traballadores regulamentariamente enrolados na data da paralización de actividades; será imprescindible que o dato do NIF/NIE sexa completo (incluírase a letra correspondente).

Espazo reservado para a dilixencia de observacións e a acreditación da chegada do buque a porto, do Despacho de Buques ou, de ser o caso, da autoridade consular

Día de entrada do buque en porto:/...../.....

Día de saída do buque do porto:/...../.....

Observacións:

Data, sinatura e selo do Despacho de Buques ou, de ser o caso, da autoridade consular

Enténdase por última arribada o seguinte:

No caso de se tratar do primeiro período, será a relativa á última marea realizada polo buque con anterioridade á data do 16 de marzo de 2020.

No caso de se tratar do segundo período, deberase achegar unha para cada período subvencionable, coa información relativa á última arribada realizada polo buque antes do período de parada.

Apéndice II

Autorización dos pescadores para os cales o armador solicita a axuda

Apelidos	Nome	NIF/NIE	Sinatura do pescador que autoriza a presentación da solicitude

Mediante este escrito autorizo o armador ou o seu representante legal para que presente a solicitude no meu nome segundo o Real decreto 703/2020, do 28 de xullo, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas á paralización temporal da actividade pesqueira para poder facer fronte ao impacto económico e social derivado da pandemia do COVID-19, se convocan esas axudas para o primeiro tramo do exercicio 2020 e se modifican distintos reais decretos relativos á regulación das organizacións profesionais no sector da pesca e da acuicultura e para o exercicio da pesca recreativa.

(Márquese o que corresponda)

Si ~ / Non ~ Autorizo o órgano xestor para comprobar ou recadar doutros órganos, administracións ou provedores da información, por medios electrónicos, os datos de identidade do solicitante, de acordo co Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

Si ~ / Non ~ Autorizo o órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir á Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, co fin de comprobar que o solicitante está ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como a consulta da vida laboral para comprobar os requisitos de afiliación á Seguridade Social e o rol do buque por conta de cotización.

En caso de non autorizar, xúntase a seguinte documentación:

- Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento das obrigas fiscais.
- Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento das obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado de vida laboral.

....., de de 2020

Sinatura do pescador

Apéndice III

Eu, _____, con NIF/NIE _____, confirmo que recibín de D./D^a (ou razón social, segundo proceda) _____, armador/a do buque____- _____, con CFR _____ e con data do _____ a cantidade de _____ euros, correspondentes á axuda por paralización temporal da actividade pesqueira debido ao impacto do COVID-19, tal e como se regula nesta convocatoria.

_____, _____ de _____ de 20____

(Sinatura do pescador)

ANEXO II

Baremo para o cálculo do importe das axudas

Baremo para armadores

Contías máximas da indemnización

Categoría de buque por clase de tonelaxe (GT)	Importe máximo da prima por buque e día (en euros)
< 25	$5,16 \times GT + 36^{(1)}$
≥ 25 e < 50	$3,84 \times GT + 66$
≥ 50 e < 100	$3,00 \times GT + 108$
≥ 100 e < 250	$2,40 \times GT + 168$
≥ 250 e < 500	$1,80 \times GT + 318$
≥ 500 e < 1.500	$1,32 \times GT + 558$
≥ 1.500 e < 2500	$1,08 \times GT + 918$
≥ 2.500	$0,80 \times GT + 1.608$

⁽¹⁾ Garántese un mínimo de 100 euros diarios.

ANEXO III

Baremo da actividade media correspondente a cada censo, modalidade e categoría de buque por clase de tonelaxe que servirá de base para o cálculo dos días de paralización temporal subvencionables

MÁXIMO NÚMERO DE DÍAS DE ACTIVIDADE MEDIA BUQUES DADOS DE ALTA A PARTIR DO 1 DE XUÑO 2019	GTS							
	<25	>=25 e <50	>=50 e <100	>=100 e <250	>=250 e <500	>=500 e <1.500	>=1.500 e <2.500	>=2.500
MODALIDADE								
ARRASTRE DE FONDO NO GOLFO DE CÁDIZ	37,48	40,18	44,65	49,83				
ARRASTRE DE FONDO NO CANTÁBRICO NW		32,00		56,41	54,72			
ARRASTRE DE FONDO NO MEDITERRÁNEO	34,25	35,35	36,17	37,38				
ARRASTRE DE FONDO EN ZONAS CIEM VB, VI, VII E VIIIabde				64,89	66,37			
ARRASTRE EN AUGAS DE PORTUGAL		58,33	50,53	66,58	65,67			
ARRASTREIROS CONXELADORES AUGAS INTERNACIONAIS E TERCEIROS PAÍSES				66,40	50,14	67,00	75,33	
ARRASTREIROS CONXELADORES DA NAFO						64,35	68,11	
ARTES FIXAS EN ZONAS CIEM VB, VI, VII E VIIIabde				56,03	61,00			
ARTES MENORES NO GOLFO DE CÁDIZ	17,80	11,42						
ARTES MENORES EN CANARIAS	20,12	49,67	42,67					
ARTES MENORES NO CANTÁBRICO NW	25,29	37,57	35,17	32,17				
ARTES MENORES NO MEDITERRÁNEO	29,60	15,00		46,00				
ATUNEIROS CAÑEIROS CANARIAS	21,67	47,67	61,19	60,06				
ATUNEIROS CERQUEIROS CONXELADORES NO OCÉANO ATLÁNTICO, ÍNDICO E PACÍFICO						67,78	66,89	60,33
ATUNEIROS CERQUEIROS CONXELADORES NO OCÉANO ÍNDICO E PACÍFICO							63,00	66,11
BACALLAEIROS						53,67	29,33	20,67
CERCO NO CANTÁBRICO NW	31,01	39,12	40,76	45,87	65,11			
CERCO NO GOLFO DE CÁDIZ	38,75	38,23	32,42					
CERCO NO MEDITERRÁNEO	37,71	48,78	51,82	57,58				
PALANGRE DE FONDO AUGAS INTERNACIONAIS E TERCEIROS PAÍSES		30,33		65,33				
PALANGRE DE FONDO NO CANTÁBRICO NW	37,58	42,60	35,58	44,63				
PALANGRE DE FONDO NO MEDITERRÁNEO	29,55	15,17						
PALANGRE DE FONDO MENORES 100 TRB EN VIIIabde.				50,75				
PALANGRE DE SUPERFICIE CALADOIRO NACIONAL	18,44	12,67	15,15	55,22	65,56			
PALANGRE DE SUPERFICIE EN AUGAS INTERNACIONAIS			29,67	62,33	68,68	64,48		
PALANGRE DE SUPERFICIE NO MEDITERRÁNEO	22,29	13,33	8,07	10,33				
PALANGRE DE SUPERFICIE NO PACÍFICO E NO ÍNDICO				57,89	57,87	69,79		
RASCO NO CANTÁBRICO NW	39,50	36,42	29,80	22,56				
VOLANTA NO CANTÁBRICO NW	38,80	40,09	40,89	35,33				